



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Carnés - Vimianzo, 1979

Informantes: veciño de Carnés

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

169

$\text{♩} = 69$

Carnés, Vimianzo. Xaneiro 1979.

1) Pa-sous' un ca-so cho-cen-te nas mon-ta-ñes do

se-brei-ro

co-nha ra-pa-sa ben-fei-to que se ca-sou cun

ghai-tei-ro

as ne-nas da-que-la te-rro son moi a-mi-ghas da gai-to

cc-mo na-xa quen des-to-que bai-lan siempre nun-ca can-sen



1) 2) Cris-to-vo ven-deull'a gai-to Cris-to-vo ven-deull'a gai- te
a mu-ller en-fa-dou-se por-que lle fa-sí-a fel- ta

3) pois bo-a cou-so ti-xe-ches

variantes estróficas:

3) 3) 3) 4. 2. 3) 4.

Camariñas I,2,595. Un veciño .
L: 13b, 124b, 125b .

*Transcripción orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



13b

Pasous'un caso chocante
nas montañas do Sebreiro
cunha rapasa ben feita
que se casou cun ghaiteiro.

As nenas daquela terra
son mui amighas da gaita
como haxa quen lles toque
bailan siembr'e nunca cansan.

Cristovo vendeull'a gaita
Cristovo vendeull'a gaita
e a muller enfadouse
porque lle fasía falta.

“Pois boa cousa fixeches
seica t'atentou o demo
vaite dormir ó palleiro
qu'eu sin gaita non te quero.”

“Pois cal'a boca muller
pa contentarte rapasa
mañán comproch'outra nova
anque empenémo-la casa.”

Pó óutor día Cristovo
cando dou volta prá casa
sal'll'a muller ó camiño
por ver se tráía gaita.

Tan pronto lle veu a nova
botoull'as mans ó punteiro
e dou'as gracias a Dios
tíroliro meu ghaiteiro.